

**1** A orixe da cidade de Ferrol é medieval (S. XII), adicándose a súa poboación á pesca e á salga. Sitúase sobre un espolón triangular entre as enseadas da Malata e Caranza, que abrigan un pequeno porto natural situado baixo a actual Praza Vella. Nun plano histórico do ano 1732 (previo á construción dos Arsenais) recoñécese un primeiro recinto murado que incluía os edificios máis importantes: o Alfolí do Sal, a Alfândega, o Hospital do Santo Espírito (relacionado coa ruta inglesa a Santiago) e a vella Igrexa Parroquial de San Xulián. Cara ao norte esténdese a vila medieval, con trazas paralelas á muralla. Ao leste desenvólvese un segundo arrabalde (o actual barrio de Argüelles) ao longo do camiño de San Francisco, principal vía de acceso á vila.



**2** A muralla da Vila situábase entre as actuais **rúas do Castro e a do Cristo**. Como aconteceu con outras cercas medievais, o seu foxo converteuse en horta, e posteriormente (na segunda metade do século XX) foi ocupado por novas edificacións.

**3** A única porta da muralla (a Porta do Cristo, derrubada en 1826) estaba en fronte da actual **Praza Vella** onde se celebraba o mercado, que se estendía polas actuais **rúas San Francisco, Benito Vicetto e Virxe**. Estas rúas contaban con soportais e mostradores de pedra, semellantes aos conservados na Vila de San Nicolás de Neda, pero os soportais foron derrubados no século XIX por razóns hixiénicas.

**4** A única edificación singular de **Argüelles** era o Pazo de Vermúdez, que foi “reutilizado” recentemente para a construción de vivenda pública de aluguer.

**5** O **rueiro de Argüelles**, disposto perpendicular a San Francisco, responde á necesidade de conducir as augas que baixan dende Canido e San Roque cara á ría.



Edita: Concello de Ferrol | Colabora: A. VV. Ferrol Vello | Deseño e maquetación: item-aga | Fotografía: Ovidio Aldegunde | Dep. Legal: 00000



**Ferrol**  
a cidade do mar



Oficina de Turismo  
Portanova s/n  
Tlf. 981 446 700

Oficina de Turismo Porto  
Peirao de Curuxeiras s/n  
Tlf. 618 522 527



**FERROL VELLO**

AS ORIXES DA CIDADE

**6** O **Convento de San Francisco**, fundado en 1377 polos Andrade, situábase sobre o que hoxe é o adro da igrexa castrense construída na metade do século XVIII. Tiña un embarcadoro propio, o que dá idea da importancia que acadou a congregación na economía da Vila.

**7** A **rúa San Francisco** foi renovando ao longo do século XIX as súas arquitecturas, sendo arestora a rúa da cidade que mellor amosa a mestura de eclecticismo, modernismo e racionalismo.

**8** A penas queda pegada da arquitectura medieval do barrio, despois do incendio que o arrasou case por completo o 9 de xuño do ano 1568. Aínda así podemos apreciar unha grande evolución da vivenda dende o século XVII, sobre todo na **Rúa Benito Vico**. Á casa mariñeira (arquitectura popular, onde domina a solaina e a balcaneira) superponse a casa burguesa (máis composta, con galería e miradoiros).



**9** As excepcións no parcelario, produto de usos de orixe medieval, como as fábricas de salgaadeira, permitiron introducir dentro do casco vello usos singulares diferentes da vivenda (garaxes ou un forno industrial), que enriquecen as tipoloxías do barrio. A **rúa Manuel Comellas** representa unha actuación típica dos anos 60 e 70, que non respectou en absoluto a estrutura histórica do barrio.

**10** A **rúa Espartero** é consecuencia da colonización, e posterior transformación en espazo urbano, dun vello camiño entre hortas.

**11** A **Fábrica de Lápices**, hoxe abandonada, é parte moi importante da historia industrial



da cidade. A súa fachada, que incorpora o moi coñecido símbolo dos Lápices Hispania, é un dos escasos exemplos de arquitectura industrial racionalista.

**12** O **Baluarte de San Xoán** é, xunto cos do Rei e Canido, un dos restos máis importantes da muralla da cidade do XVIII. Dende a súa altura pódense entender as diferentes fases históricas da construción do porto comercial.

**13** A **Igrexa do Socorro**, construída nos anos centrais do século XVIII, substituíu a vella igrexa de San Xulián, moi danada durante a construción do foxo do Arsenal.

